

## A GRANXA

Érase unha vez unha granxa pequena na que vivían os seguintes seres vivos: cinco coellos, un granxeiro, unha vaca, unha ovella, dúas galiñas, un galo, dous bois e 12 peixes.

Pero ó lado da granxa había un bosque no que vivían: dous cervos, un oso pardo, un lobo, 1 zorro, un esquío e dous pardais. Case todos eran amigos dos animais da granxa, sobre todo o cervo que cada pouco se achegaba á granxa e falaba cos coellos, un deles estaba moi interesado en saber como era a vida fóra da granxa e lle plediu ó cervo que lle abrirá á porta para poder escapar pola noite e saber o que era vivir en liberdade. Entón escapou ca idea de voltar ó amencer pero o granxeiro non se deu conta de que faltaba e pechou á porta. O coello tivo que voltar ó bosque e enfrentarse a todos os perigos.

A noite no bosque era fría e escura, escoitaba ruidos estraños por todos os lados, un deles do ceo, era unha aguiá...., entón botou a correr cara os matorrais e conseguiu esconderse e que non o vira ...uff de esta salveime, pensou. De súpeto outro ruído estraño ¡un lobo apareceu detrás de él!, correu e correu ata que viu a un esquío que lle dixo: aquí, aquí...o coello veloz foi xunto del e caeu sobre un burato non moi profundo pero suficiente para que o lobo non o comera. ¡Esa noite durmiu na madriguera do esquío xa que o buraco era a súa casa e sempre lle daría as grazas por axudalo a librarse das garras dun lobo feroz!

¡O día seguinte díxolle si lle podía axudar a buscar a súa casa xa que estaba canso de andar polo bosque el só e de ter frío e fame, ...definitivamente estíbese millor na granxa! Xa lle chegara a experiencia!

- Para chegar a túa casa tes que ir cara o norte, díxolle o esquío. E alá foi.

Despediuse del coa promesa de que o fora a visitar á granxa para presentarlle os seus amigos e de que nunca o olvidaría.

Cando chegou o seu fogar canso, famento e sucio todos lle aplaudiron e felicitaron pola súa aventura e valentía, por querer ser libre e sobre todo por sobrevivir os perigos do bosque. Pero él contoulles que non merecía a pena que tivera muta morriña e que era millor estar coa xente que queres e sobre todo quentiño e coa barriga chea!



Roque Armesto Diéguez